



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 24 DE SETEMBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOA ADMITIDA, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2023.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Oferta de Emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicándose no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 09.05.2025 (BOP núm. 111, do 16.05.2025), apróbase a convocatoria e as bases específicas para o ingreso como persoal funcionario de carreira nunha (1) praza denominada TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO, escala administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A - subgrupo A1, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023.

Rematado o prazo de presentación de instancias o 16.07.2025, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.2.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoa admitida ao proceso selectivo:

A) ADMITIDOS/AS:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	PARADA SENRA, MARÍA	***7693**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Pablo Seoane Cancelo, asesor técnico no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don Benedicto José Quijada Morandeira, xefe da Sección de Formación da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María del Carmen Dorado Duro, técnica de administración xeral na Sección de Contratación da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral - axente de emprego e desenvolvemento local no Departamento de Fondos Europeos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Nicolás Fariña Vereá, enxeñeiro informático, adxunto á xefa do Servizo de Comunicación e TIC's da Deputación de Lugo.

SECRETARIA/O:

Titular: Dona Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

ASESORA: Dona Mercedes Batalla Bautista, graduada en protocolo e organización de eventos, xefa da Sección de RRPP e Protocolo da Deputación da Coruña

COLABORADORA:

Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

3º.- Citar os/as membros do Tribunal, para que comparezan o **martes día 14 de outubro de 2025, ás 9 horas e 30 minutos**, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar os/as membros do Tribunal e máis á persoa aspirante admitida, para que comparezan o **venres día 17 de outubro de 2025, ás 9 horas e 30 minutos**, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, sitas en Canella da Deputación, núm.2, ao obxecto de realizar o primeiro exercicio da fase de oposición.

5º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado emprego Público - recursos humanos) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución que aproba a listaxe provisional, a persoa aspirante disporá dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

Contra a listaxe definitiva (no suposto de non existir alegacións e considerarse a listaxe provisional definitiva) poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que se cumpra o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da antes mencionada, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 25 de setembro de 2025.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2660

CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data 22 de setembro de 2025 o Padrón Tributario das taxas pola prestación dos servizos de Abastecemento de auga, Saneamento e Recollida de lixo e Canon da auga, correspondente ó 4º trimestre de 2024, expónse ó público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP, para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación e as liquidacións consignadas no referido Padrón contributivo e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do Canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, o comprendido entre o 24 de setembro e o 24 de novembro, de 2025, ambos inclusive. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. O resto seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas entidades colaboradoras.

A falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Castro de Rei, 23 de setembro de 2025.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2655

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 441/2025, de data 19 de setembro de 2025, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2025, na modalidade de SAF dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 19 de setembro de 2025 ao 18 de decembro de 2025.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 19 de setembro de 2025.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2656

*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución da Alcaldía núm. 442/2025, de data 19 de setembro de 2025, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de agosto de 2025, na modalidade de SAF dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 19 de setembro de 2025 ao 18 de decembro de 2025.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 19 de setembro de 2025.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2657

O VALADOURO*Anuncio***SUBASTA**

O Concello de O Valadouro por Resolución da Alcaldía número 2025-0813 de data 24 de setembro de 2025 aprobou o alleamento, mediante procedemento de subasta pública, do seguinte ben patrimonial:

Marca: TT URO.

Denominación Comercial: 2-18.16.10-E

Matrícula: LU-8188-W

Número de identificación do vehículo: VS9M60NEAW1009085.

Quilómetros: 417027

Marca: TT.URO

Motor Marca: IVECO

Tipo mínimo de licitación: 12.600 euros sen IVE. (segundo informe de taxación)

O procedemento rexeráse polo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para o efecto e polos artigos 112 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais e que permanecerá publicado xunto co informe técnico na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de O Valadouro.

As proposicións deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de O Valadouro ou a través da súa sede electrónica, no prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A apertura pública de ofertas terá lugar no Salón de Plenos do Concello de O Valadouro, ó quinto día hábil contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, ás 12:00 horas, agás modificación publicada con antelación.

O Valadouro, 24 de setembro de 2025.- O alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2658

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – CERVO

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DE ALUMNOS DO CONCELLO DE CERVO QUE CURSAN ESTUDIOS FORA DO TERMO MUNICIPAL CURSO 2024/2025

BDNS (Identif.): 858633

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/858633>)

Primeiro. Obxecto.

O obxecto desta convocatoria é establecer un sistema de axudas sociais destinadas ás familias do municipio con fillas/os que cursen estudos fose do termo municipal en centros sostidos con fondos públicos, nos supostos en que tales ensinos non se impartan no Concello de Cervo.

Segundo. Beneficiarios.

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os (ou as/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade) que reúnan os seguintes requisitos:

- Toda a unidade familiar deberá estar empadroadada no Concello de Cervo.
- Estar a cursar ou ter fillas/os cursando algún dos estudos indicados no punto 1 destas bases nalgún centro educativo sostido con fondos públicos, no curso 2024-2025 e haberse presentado polo menos ao 50% das materias correspondentes á matrícula do citado curso.
- Non superar os ingresos económicos fixados no baremo destas bases (expresado no punto 3º referente aos criterios de valoración).
- Non ser, ningún membro da unidade familiar, debedor/a de a Facenda Municipal, Autonómica e/o Estatal, así como da Seguridade Social.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Cervo.
- O alumno para o cal se solicita a axuda deberá ser menor de 30 anos.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Terceiro. Contía da axuda.

A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 232/489.01 "Promoción social. Desenvolvo transporte estudantil", cun crédito máximo para esta convocatoria de 12.000,00€.

A contía das axudas para transporte escolar quedará fixada de acordo con o seguinte baremo:

Renda per cápita familiar igual ou inferior ao 150 % do IPREM (Ata 10.800,00 €): Contía da axuda 250 €.

Renda per cápita familiar igual ou inferior ao 200 % do IPREM (Ata 14.400,00 €): Contía da axuda 150 €.

Cuarto. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral do Concello en Cervo, Praza do Concello s/n, Cervo ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 01 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As bases reguladoras da convocatoria se publicarán no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cervo (<https://cervo.sedelectronica.es>) e estarán a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 25 de setembro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2659

FE DE ERRATAS

Advertido erro no BOP Núm. 185 do día 13 de agosto de 2025, na páxina 1 con núm. de rexistro 2318, en relación ao anuncio do CONCELLO DE ALFOZ, procédese a publicar de forma íntegra o edicto:

“APROBACIÓN DEFINITIVA

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio de 2025 e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste Concello, Bases de Execución, Anexo de Persoal funcionario e laboral e Plantilla de Persoal, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	700.327,83
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	1.105.168,48
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	300,00
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	170.392,50
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	1.131.108,17
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	1.000,00
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL:	3.108.296,98
ESTADO DE INGRESOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	442.544,80
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	34.840,35
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	205.718,74

CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	1.044.797,28
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	19.425,51
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	0,00
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	1.360.970,30
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0
TOTAL:	3.108.296,98

PLANTILLA DE PERSOAL**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

Denom. praza	Núm. prazas	Grupo	Sub-grupo	Nivel	Escala	Sobes-cala	Clase	Situación
Secretario/a-Interventor/a	1	A1/A2		28	FHN	SI		Ocupado
Técnico de Xestión	2	A2		22	AX	X		Ocupado/vacante
Administrativo	1	C1		19	AX	ADM		Vacante
Auxiliar administrativo	2	C2		16	AX	AUX		Ocupados
Auxiliar administrativo Turismo (50% xornada)	1	C2		16	AX	AUX		Vacante
Porteiro-operario	1	AP		14	AX	SUB		Vacante
Xefe unidade servizos sociais	1	A2		22	AE	T	M	Ocupado
Educador/a familiar	1	A2		20	AE	T	M	Ocupado
Técnico Auxiliar biblioteca (80% xornada)	1	C1		17	AE	SE	CE	Ocupado
Arquitecto técnico	1	A2		22	AE	T	M	Ocupado

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Denom. praza	Núm. prazas	Grupo	Sub-grupo	Nivel	Escala	Sobes-cala	Clase	Situación
Auxiliar axuda no fogar	4	C2/AP		14	AE	SE	PO	Ocupados
Oficial servizos multiples maquinista conductor	2	C2		15	AE	SE	PO/O	Ocupado/ Vacante dotado

Operario Servicios múltiples conductor	2	AP		13	AE	SE	PO	Ocupados
Operario servizos múltiples oficial 1º a extinguir	1			18				Amortizado xullo 2025

C) PERSOAL EVENTUAL

Denom. praza	Núm. prazas	Grupo	Subgrupo	Nivel	Escala	Sobes-cala	Clase	Retribu-ciones	Indemniza-ciones	Gratific-a-ciones
--------------	-------------	-------	----------	-------	--------	------------	-------	----------------	------------------	-------------------

RESUMO									
Funcionarios								12	
Laboral Fixo								8	
Eventual								0	
TOTAL PERSOAL:								20	

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Alfoz, 8 de agosto de 2025.- A Alcaldesa – Presidenta, Efigenia Maseda Paz.”

R. 2686